

## COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

### ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 15 DE MAIO DE 2014

Acórdase por asentimento:

(i) Aprobar a acta da reunión ordinaria da comisión académica do máster do día 26 de marzo de 2014<sup>1</sup>.

(ii) Modificar o POD do Máster universitario en Avogacía da Facultade de Dereito para o curso 2014/2015, aprobado na reunión da comisión do 5 de marzo de 2014, nas seguintes materias:

1. Práctica Penal I: asignar a coordinación e tres horas de docencia atribuídas inicialmente ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez á Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta García Mosquera.
2. Prácticas Externas: asignar a coordinación atribuída inicialmente ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez á Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto
3. Traballo de Fin de Grao: asignar a coordinación atribuída inicialmente ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez ao Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado-..

(iii) Modificar os recoñecementos docentes da táboa de recoñecemento do Máster universitario en Avogacía da Facultade de Dereito para o curso 2014/2015, aprobados na reunión do 5 de marzo de 2014, nos termos seguintes:

1. Por coordinación da materia Práctica Penal I: asignar á Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta García Mosquera as 5 horas atribuídas inicialmente ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez.
2. Por coordinación da materia Prácticas Externas: asignar á Prof.<sup>a</sup> Dra. Marta Fernández Prieto as 5 horas atribuídas inicialmente ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez.
3. Por coordinación da materia Traballo de Fin de Grao: asignar ao Prof. Dr. Roberto O. Bustillo Bolado as 5 horas atribuídas inicialmente ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez.
4. Das 25 horas da táboa de recoñecementos atribuídas en bloque inicialmente pola coordinación do máster ao Prof. Dr. Virxilio Rodríguez Vázquez, asignar:

<sup>1</sup> Achégase copia da acta aprobada\*.

- 10 horas á Prof.<sup>ª</sup> Dra. M.<sup>ª</sup> Dolores Fernández Fustes, en calidade de coordinadora do máster, tras o inminente cambio que se producirá a partir do 4 de xuño na coordinación do máster.
- 5 horas á Prof.<sup>ª</sup> Dra. Marta Fernández Prieto, en calidade de secretaria do máster.
- 5 horas á Prof.<sup>ª</sup> Dra. Francisca Fernández Prol, en calidade de titora académica de prácticas externas.
- 5 horas á Prof.<sup>ª</sup> Dra. Mónica Siota Álvarez, en calidade de titora académica de prácticas externas.

(iv) Modificar o Regulamento de prácticas externas do Máster universitario en Avogacía da Facultade de Dereito consonte a proposta presentada coa excepción do artigo 11 que non se entra a discutir, ante a ausencia do letrado D. Marcos Vázquez Guzmán e a manifestación da súa disconformidade con ese punto<sup>2</sup>.

(v) Designar titoras académicas para o presente curso académico ás profesoras Fernández Prol e Siota Álvarez, aínda que condicionando a aprobación deste acordo á previa aceptación das devanditas profesoras, e que se lles asignen os alumnos por orde alfabética: os dez primeiros á Prof.<sup>ª</sup> Fernández Prol e os dez últimos á Prof.<sup>ª</sup> Siota Álvarez. No caso de que as indicadas profesoras non accedan, a comisión acorda designar titores académicos aos profesores Bustillo Bolado e Fernández Prieto tamén por orde alfabética: os dez primeiros alumnos da lista asignaríanse ao Prof. Bustillo Bolado e os dez últimos á Prof.<sup>ª</sup> Fernández Prieto. En canto aos titores da entidade colaboradora, a comisión académica aproba por asentimento designar titor de prácticas para os vinte alumnos ao letrado D. Marcos Vázquez, que actuará auxiliado polos doce titores profesionais das institucións polas que rotarán os alumnos en prácticas –Dna. María Fernández Nespereira, Dna. Begoña Pérez Vázquez, Dna. Ana Crespo Damota, D. Florentino Delgado, D. Julián Pardinás, Dna. María Luisa Melero, Dna. Olalla Para, Dna. María Luisa Rubio, D. Pedro Rabanal, Dna. Eva Martínez, D. Fernando Alañón e Dna. Laura Muñoz-.

(vi) Propor como solución ás incidencias detectadas no desenvolvemento das Prácticas externas básicas durante o presente curso académico que o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense organice as prácticas externas para dar cumprimento á guía docente, que complete o número de horas que cada alumno precise realizar para alcanzar as 150 horas de prácticas

<sup>2</sup> Achégase copia do Regulamento modificado\*.

precisas para a superación da materia e que se lle transmita a proposta con asignación de prácticas aos alumnos o vindeiro luns, día 19 de maio, para que poidan comezar as prácticas o martes.

(vii) Aprobar o calendario de elaboración das guías docentes para o curso 2014-15<sup>3</sup>.

(viii) Manter o sistema de avaliación incluído nas directrices xerais en relación co apartado de avaliación das guías docentes do presente curso académico, aínda que adaptándonos á Orde de 14 de marzo de 2014 en canto á formulación das preguntas, con catro opcións, unha correcta, e na puntuación, restando cada pregunta incorrecta un terzo da puntuación dunha pregunta válida. Con todo, lémbrese que son directrices xerais e, por tanto, non se impón ese sistema de avaliación nas guías docentes. A proposta apróbase por asentimento.


Ourense, 16 de maio de 2014  
Máster universitario en Avogacía  
Facultade de Dereito

Universidade de Vigo

Marta Fernández Prieto

Secretaria da Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Académica do Máster universitario en Avogacía celebrada o día 15 de maio de 2014 se publicaron oficialmente no tablón de anuncios da Facultade o día 19 de maio de 2014.



Marta Fernández Prieto  
Secretaria da Facultade de Dereito

\*A acta da reunión do día 26 de marzo de 2014, o Regulamento de Prácticas Externas e o calendario aprobado, poden consultarse na Secretaría do Decanato.

<sup>3</sup> Achégase copia do calendario aprobado\*.